



BANDO

Cobranza en voluntaria do Padrón Fiscal da Mancomunidad de Concellos do Morrazo, correspondente a Taxa por actividades e servicios relacionados coa hixiene pública (Taxa pola recollida do Lixo), segundo semestre do exercicio 2009

Aprobado mediante resolución da Presidencia de data 15 de xuño de 2009 o Padrón Fiscal da Mancomunidad de Concellos do Morrazo, correspondente a Taxa por actividades e servicios relacionados coa hixiene pública (Taxa pola recollida do Lixo), **segundo semestre do exercicio 2009**, expónse ó público por espazo de 15 días, a partires do seguinte día no que este Anuncio fora publicado no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de examen e reclamacións.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 87 e 88 do regulamento Xeral de Recadación, comunícaselles ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza do mencionado Padrón será do **15/02/2010 o 15/04/2010** ámbalas dúas datas inclusives.

O importe poderá satisfacerse, consonte co artigo 86 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación a través de calquera Entidade Bancaria, empregando os instrumentos de ingreso (Recibos), que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento poderá ata o día 15 de abril do 2010 obter un duplicado na Oficina de Xestión Tributaria da Mancomunidad do Morrazo sita na Rúa Eduardo Vicenti nº 53 Baixo, Bueu (Pontevedra) - Tlfno. 986390034.

Os contribuíntes que a 15 de marzo do 2010 non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán do mesmo prazo, para solicitálos na oficina indicada, e efectua-lo pagamento nas Entidades Bancarias, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento, e non impide a utilización da vía de constrinximento.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da vixente Lei Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comenzo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5%, 10% o 20% e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no artigo 128 da Lei Xeral Tributaria e no artigo 91 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas o mesmo podra interperse recurso de reposición ante a Presidencia da Mancomunidad de Concellos do Morrazo no prazo de un mes a contar desde o seguinte o de finalización do período de exposición pública do padrón de conformidade co previsto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Bueu 27 de Xaneiro de 2010.

O PRESIDENTE

Félix Juncal Novas